

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 29 Maio 2013 15:08

---



O proxecto figura na páxina web dunha das empresas de enxeñería que participan no proxecto e que terá a mesma superficie que o tanque de tormentas construído no centro de Gondomar de 1000m<sup>3</sup>.

Veciños e ecoloxistas fan un chamamento para acudir ao próximo pleno do 6 de xuño onde se tratará o tema.

O 17 xuño de 2011 o DOG facía pública a resolución pola que se anunciaba a licitación polo trámite ordinario e procedemento aberto para a execución , entre outros, das obras para " a *adecuación da rede de saneamento no concello de Gondomar (Pontevedra).*" □ con número de expediente: OH.336.938. que conta cun orzamento base de licitación de 3.490.314,31 euros. cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 70% e cun prazo de execución de trinta e seis (36).

Dentro deste proxecto entrarían os citados tanques de tormentas de Gondomar, en fase de construción, e un segundo tanque de tormentas que iría situado na parroquia de Vilaza.

A páxina web de Diagrama Ingeniería S.L. así o recolle na súa [web](#) na descripción do proxecto técnico a executar en Gondomar con cargo ao expediente OH.336.938 " *La obra consiste en la sustitución del colector principal de saneamiento que discurre actualmente por el cauce del Río Zamans y por el del Río Miñor y va desde la parte baja del núcleo de Vilaza, hasta la entrada a la depuradora. Para solucionar los problemas actuales de exceso de caudal en la depuradora además de modificar el trazado del colector que discurre por el cauce de los ríos, se van a construir sendos tanques de tormentas, uno en Vilaza y otro en Gondomar*

## **A parroquia de Vilaza tamén terá o seu propio tanque de tormentas para conter o caudal de augas fecais**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 29 Maio 2013 15:08

---

." onde se dan conta dalgúns dos detalles técnicos da obra así como un plano do que será a infraestrutura a construír.